

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 21 DE OUTUBRO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as dezanove horas e corenta minutos do día vinte e un de outubro do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Ledo Fernández, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 30 DE SETEMBRO E 7 E 14 DE OUTUBRO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizada en datas 30 de setembro, 7 e 14 de outubro do 2013.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES DE NICHOS EN CEMITERIOS MUNICIPAIS.

Vista a solicitude presentada en data 19.12.12 por BERTA MARTÍNEZ ENRÍQUEZ, DNI nº 35.315.163-C, con enderezo en Camiño Novo da Devesa, nº 15-Gandón-Aldán, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de un nicho sito no bloque N, panteón nº 20-letra C, do Cemiterio do Aldán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 15.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude da Sra. Martínez Enríquez, para concesión de un nicho no Cemiterio do Aldán.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de un nicho sito no bloque N, panteón nº 20-letra C, do Cemiterio do Aldán.

URBANISMO E VIVENDA

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 17 DE OUTUBRO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpia-las rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.225.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.248.- A María del Carmen Martínez Varela, con enderezo en Camiño de Areacova,nº 52-Aldán, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras se axustarán igualmente ó anexo do proxecto visado con data 7 de agosto de 2013.

3.A.2) DENEGACIÓN DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 20.864.- O tramitado a instancia de Concepción Dacosta Hermelo, con enderezo en Vilariño, nº 27-O Hío, para legalización de cambio de cuberta en vivenda unifamiliar no referido lugar, foi denegado en base a denegación da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 3 de outubro do 2013, que sinala: "Desfavorable sobre a legalización de cambio de cuberta, requirindo que se xustifique o cumprimento dos parámetros urbanísticos, incluíndo cotas nos planos de planta e alzado, que se corrixa as discrepancias existentes entre o proxecto e estado actual e que se modifique a forma da cuberta mantendo unha altura semellante á das edificacións tradicionais que se conservan no contorno sen que, como éstas supere os dous andares de altura cara ó mar."

3.A.3) PARCELACIÓNs URBANÍSTICAS DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.809.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove Francisco Javier Coreiro Costas e Pilar Ruíz

Morgade, con enderezo na Avda. de Lugo, nº 7-1º-Cangas, e que consiste nunha segregación en dúas parcelas brutas: nº 1 de 501,50 m2., incluída dentro do polígono 2 da UA Nº2, delimitado nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas e parcela nº 2 de 346,50 m2., que se atopa xa edificada, polo que deberá materializarse, de ser preciso a cesión de terreos fóra das aliñacións oficiais no momento en que se eleve a pública esta licenza de segregación.

O predio matriz é de 848, 00 m2., sito na Avda. de Lugo, nº 7-Cangas.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de segregación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, de outubro do 2013.

Segundo.- Declarar a indivisibilidade das parcelas netas de resultado.

EXPEDIENTE Nº 175/2013.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA U.A. Nº 2.

A vista dos informes emitidos o respecto polo arquitecto municipal e proposta da xefa do Servizo de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de compensación do polígono 2 da unidade de Actuación Nº 2, elaborado polo arquitecto, Javier Rial Lemos en data 11-2012, a petición de Manuel Rodríguez Dobarro, actuando en calidade de presidente da xunta de compensación nos termos que figuran no expediente, incluíndo o anexo de valoracións incorporado en data 3 de outubro do 2013. Esta aprobación produce os mesmos efectos que a aprobación dun proxecto de reparcelación; a súa inscrición no Rexistro da Propiedade lévase a efecto de conformidade co previsto, no artigo 114 do Regulamento de Xestión Urbanística, ó tempo que se faculta ó Sr. alcalde, para canto sexa necesario en cumprimento de este acordo. Deberá aportase, pola xunta de compensación, dúas copias do proxecto refundido de compensación antes da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo de aprobación definitiva no taboleiro de anuncios do concello, no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Remitir copia da presente resolución ao órgano competente da comunidade autónoma en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ós titulares de bens e dereitos de contido económico e á xunta de compensación, que unha vez asine o acordo en vía administrativa, procederá a súa inscrición no rexistro da Propiede debendo entregar no Servizo de Urbanismo un exemplar debidamente rexistrado.

QUINTO.- Requirir á xunta de compensación a presentación dun aval do 20% do custo das obras de urbanización, de conformidade co sinalado no artigo 74.b) da LOUG.

SEXTO.- Comunicar este acordo, xunto ca copia íntegra e compulsada do expediente á Xerencia Territorial do Catastro, para os efectos previstos no artigo 35.2 do R.d. 417/2006, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do catastro.

SÉTIMO.- Dar de alta, no Inventario de bens de patrimonio municipal, a parcela de carácter patrimonial identificada como Parcela R 6 de 177,60 m²., que conta cunha superficie edificable de 420,10 m²., e no Inventario xeral de bens, os bens de carácter demanial: parcela E1 destinada a equipamento e espazos libres cunha superficie de 1.260,65 m²., viais e 369,60 m²., dedicados a vial.

3.A.4) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.393.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.469.- SOLICITUDE DE REVISIÓN DE OFICIO DE LICENZA DE OBRAS PETICIONADA POR CARMEN RODRÍGUEZ SEIJO.

A Xunta de Goberno Local, en relación co escrito presentado por Carmen Rodríguez Seijo, de data 1 de agosto do 2013, rexistro de entrada nº 9.311, acordou deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo, o referido escrito de solicitude de revisión de oficio de licenza de obras, peticiónada por Carmen Rodríguez Seijo.

3.B.1) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.659.- A Martín Estévez Lorenzo, con enderezo en Rúa Fontenova, nº 29-O Igrexario-O Hío, para no referido lugar, construír un cerramento metálico sobre cerramento de pedra existente en 50,00 metros, de conformidade coa documentación presentada, a que a liña de edificación diste, como mínimo, a 4,00 metros do eixo do camiño, a que se levante desde a rasante do camiño e a que enrrese co camiño a superficie de terreo que quede fóra da aliñación dos 4,00 metros.

EXPEDIENTE Nº 24.560.- A José Estévez Pousa, con enderezo en Estrada a Bueu-Vilariño, nº 16-O Hío, para no Igrexario-O Hío, construír unha cuberta lixeira, de 85,00 m2., de conformidade coa documentación presentada e condicións impostas pola Deputación Provincial en escrito de data 12 de febreiro do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.652.- A María Araceli Martínez Soliño, con enderezo en Piñeiro, nº 4-Darbo, para no referido lugar adaptar o material de cubrición da cuberta de 153,65 m2., de conformidade co estudo básico de marzo do 2013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

EXPEDIENTE Nº 24.654.- A Ana Patricia Casal Paredes, con enderezo en Rúa Dr. Casares, nº 155-5ºG-Monforte-Lugo, para en Areamilla, nº 33-Balea-Darbo, executar obras de reparacións interiores e carpintería exterior en edificación adxectiva, de conformidade co estudo técnico de marzo do 2013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación. Así mesmo acórdase dar traslado deste acordo á persoa encargada da tramitación dos expedientes de restauración da legalidade

urbanística para os efectos de comprobar se as obras obxecto do expediente de restauración nº 14/2013 foron legalizadas, e consecuentemente procedería a declarar o arquivo do expediente ou ben procede continuar coa tramitación do expediente, con independencia da sanción que lle corresponda. Deberá facerse un seguimento das obras para comprobar a demolición dos tabiques interiores.

EXPEDIENTE Nº 24.737.- A Mercedes Piñeiro González, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 75-Cangas, para no referido lugar colocar un portal de 4,25 metros, de conformidade coa documentación presentada.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o viero efectuada con data 16 de outubro do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.738.- A María Costas Portela, con enderezo na Garita, nº 16-Nerga, para no referido lugar, cambiar a tella da cuberta en 106,00 m²., de conformidade co proxecto visado o 22 de agosto do 2013, sen que poida afectar a estrutura da vivenda nin alterar o seu volume.

3.B.2) DENEGACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.615.- O recurso potestativo de reposición interposto por Angélica Fernández Rodríguez, con enderezo en Souto de Abaixo, nº 14-Darbo, contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de xuño do 2013, foi desestimado polos mesmos motivos aducidos na referida denegación.

EXPEDIENTE Nº 24.631.- O tramitado a instancia de Manuel Vilanova Carreira e Purificación Casaleiro Núñez, con enderezo na Devesa, nº 14-Coiro, para construción de cerco e apertura de dous portales no referido lugar, foi denegado por non axustarse as determinacións urbanísticas establecidas ó respecto polas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal en relación coas servidumes: Título V e Normas urbanísticas I.

3.B.3) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.351.- O tramitado a instancia de "GAS GALICIA S.D.G., S.A.", con enderezo na Trav. de Vigo, nº 204, para canalización en Baixada a Liméns, s/n-Darbo, acórdase declaralo caducado, de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ó transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 10 de abril do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.600.- O tramitado a instancia de Ramón Pais Martínez, con enderezo en Rúa Sanjurjo Badía, nº 159-3ºL-Vigo, para reforma de escaleira e lucido de parámetros en Nerga-O Hío, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ó transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 19 de xuño do 2013 e dar traslado do expediente ós Servizos de Inspección Municipal para os efectos de comprobar a legalidade da edificación existente.

3.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE N° 1.661.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR "COUSIÑAS, S.L."

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade de establemento sito en Rúa Noria, nº 4-baixo-Cangas, dedicado a comercio para venda polo miúdo de roupa, que ata a data rexentaba "DOCAGRO, C.B.", e que a partir desta data pasa a "Cousiñas, S.L.", con enderezo en Rúa Sevilla, nº 22-3º dereita-Cambados. Advírtese o solicitante que sobre o edificio onde se sitúa o local existe o procedemento contencioso-administrativo nº 4476/91 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

EXPEDIENTE N° 1.681.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR ADOLFINO QUINTAS MARTÍNEZ.

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade de establemento sito en Rúa Baiona, nº 4-baixo-Cangas, a café-bar, que ata a data rexentaba "O GARITO, C.B.", e que a partir desta data pasa a Adolfo Quintas Martínez, con enderezo no referido lugar.

EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE CLASIFICADA N° 1.638.

Á vista do expediente, de apertura de establemento para venda de artigos para o automóbil e cambio de neumáticos, promovido por Esteban Malvido Rodríguez, con enderezo na Avda. Ourense, nº 93-baixo-Cangas, a instalar no referido lugar, e tendo en conta o informe favorable emitido ó respecto polo técnico municipal, de data 14 de outubro do 2013, a Xunta de Goberno Local acordou informar favorablemente o expediente e dar traslado deste á Comisión Provincial de Medio Ambiente, de conformidade co disposto no art. 9 do decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.

Este punto retírase da orde do día.

5º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E MULLER S/CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL.

Examinada a proposta da concelleira de Servizos Sociais de data 17.10.13, relativa a concesión de axuda de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA

Con base n informe da traballadora social de data 30 de setembro do ano en que andamos, propoño a concesión da axuda de emerxencia social solicitada por dona María Lucía Rodas Da Silva."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

6º.- DAR CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E O CONCELLO DE CANGAS PARA A CONTINUIDADE DO FUNCIONAMENTO DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE CANGAS.

Examinado o escrito de data 8.10.13 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ó que achegan convenio debidamente asinado en data 30.9.13 entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Cangas, para a continuidade do funcionamento do Centro Sociocomunitario de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio asinado en data 30.9.13 entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Cangas, para a continuidade do funcionamento do Centro Sociocomunitario de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia ós departamentos de Servizos Sociais e Intervención.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

7º.- SOLICITUDES VARIAS DE SINALIZACIÓN.

7.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
JOSE SUÁREZ MARÍÑO	Estrada de Viso a Vilanova, nº 98-O Igrexario-O Hío.	Estrada de Viso a Vilanova, nº 98-O Igrexario-O Hío.

7.A.2) SOLICITUDE DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, aprobar o seguinte pedimento da Sra. M^a ANGELES GONZÁLEZ MEIRA, DNI nº 76.807.733-S, con enderezo nas Barreiras, nº 7-Darbo, para concesión de baixa do sinal de pasaxe permanente sito no referido lugar, condicionado ós seguintes apartados:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/a interesado/a se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO,- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade co artigo 2.3 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

7.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE PINTADO EN RÚA DAS XESTAS.

Dase conta de informe emitido en data 14.10.13 pola Policía Local, referente a solicitude de pintado en Rúa das Xestas, que di o seguinte:

"Nº REX: 732/13.

ASUNTO: solicitude de pintado na Rúa das Xestas.

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052018 e 052020, por medio do presente, informan:

Que sendo as 16,30 horas do día da data, trasladámonos ata a Rúa das Xestas-Choupana, nº3, para comprobación do escrito presentado por Manuel Marcos y Marcos, para solicitude dun pintado diante do garaxe da vivenda da súa filla.

Que una vez no lugar pódese comprobar que se trata dunha rúa de 28 vivendas con unha única entrada e saída, que ten iluminación pública polo que consideramos que se trata de unha rúa pública.

Que esta mesma vivenda ten solicitado en mais ocasións o pintado fronte do garaxe sendo denegado desde esta xefatura.

Que existen vehículos estacionados ó longo da rúa e ninguén solicita o pintado xa que se o fixeran quedaríanse sen estacionamentos e debería ser un problema común a tódolos/as veciños/as.

Polo tanto se non da entrada co seu vehículo consideramos que o mellor sería que rebaixe un pouco mais o bordo, aproximadamente 1 metro mais a cada lado, para facilitar a manobra. "

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, denegar o pedimento do Sr. Marcos y Marcos, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, transcrito anteriormente.

7.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN EN CASTRILLÓN-COIRO.

Examinada a solicitude presentada en data 18.9.13 por CARMEN GRAÑA GIL, DNI nº 35.280.016-C, con enderezo en Castrillón, nº 9-C-Coiro, na que reclama sinalización do camiño ou a presenza de axentes en horarios de entrada e saída do CEIP de Castrillón.

Dase conta de informe emitido en data 20.9.13 pola Policía Local, referente a solicitude presentada pola Sra. Graña Gil, que di o seguinte:

"Nº REX: 2.172/13.

ASUNTO: SINALIZACIÓN EN CASTRILLÓN-COIRO.

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052023 e A052030, por medio do presente, informan:

Que vista a solicitude que se achega, non observan inconveniente en acceder ó solicitado, debendo proceder á colocación de sinal de prohibición de estacionar e liña amarela discontinua atendendo á normativa vixente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local para sinalización en Castrillón-Coiro, transcrito anteriormente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

7.D) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE TROCO DE PLACA DE PESO MÁXIMO AUTORIZADO.

Vista a solicitude de data 23.8.13 presentada por JOSE LUIS CASCALLAR PORTO, DNI nº 35.960.405-C, con enderezo en Rúa da Castaña, nº 99-Vigo, na que reclama sinalización de tonelaxe en Rúa Cima de Vila.

Dase conta de informe emitido en data 15.9.13 pola Policía Local, referente a solicitude presentada polo Sr. Cascallar Porto, que di o seguinte:

"Nº REX: 2016/13.

ASUNTO: INFORMANDO SOBRE SOLICITUDE DE TROCO DE PLACA DE PESO MÁXIMO AUTORIZADO.

A Xefatura da Policía Local de Cangas , por medio do presente, informa, en relación a solicitude que se achega, os/as veciños/as do lugar para o que se solicita o asunto, pediron a rebaixa do peso máximo autorizado que está actualmente nas 3.5 toneladas.

A policía considera, unha vez feitas as comprobacións oportunas que non debe autorizarse a retirada provisional do tonelaxe, debendo acceder con camións e vehículos acordos á limitación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, denegar o pedimento do Sr. Cascallar Porto, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, transcrito anteriormente.

7.E) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/PROBLEMÁTICA DE ESTACIONAMENTO DE AUTOBUSES NA AVDA. DE LUGO.

Visto o escrito presentado en data 26.3.13 por JAVIER FERNÁNDEZ ALMEIDA, DNI nº 32.628.056-A, con enderezo en 1ª Travesía da Avda. de Lugo, nº 10-B-Coiro, no que indica da problemática existente pola utilización da Avda. de Lugo como aparcamento para autobuses.

Dase conta de informe emitido en data 11.10.13 pola Policía Local, referente a solicitude presentada polo Sr. Fernández Almeida, que di o seguinte:

"Nº REX: 731/13.

ASUNTO: estacionamento de autobuses na Avda. de Lugo.

A xefatura da Policía Local de Cangas ten a ben informar:

Que sendo as 16:10 horas do día da data, trasladámonos ata a Avda. de Lugo, para comprobar o escrito presentado por Javier Fernández Almeida, no relativo ó estacionamento de autobuses.

Que se ten comprobado que cando no auditorio realizan alguna actuación para os colexios da comarca xúntanse un número elevado de autobuses que estacionan ó longo da avenida dificultando o tráfico de vehículos, así como, a saída das travesías á vía principal.

Que no caso de estacionar autobuses na Avenida de Lugo, a situación de falta de visibilidade na travesía de referencia pon en perigo a saída de vehículos desta.

Que tendo en conta o anteriormente exposto deberase proceder a situar na mesma Avenida de Lugo, fronte á saída da travesía, un espello para melloral a visibilidade na zona e tamén a sinalizar de amarelo dous tramos de tres metros a cada lado, na mesma confluencia das dúas vías."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Remitir o informe emitido pola Policía Local para sinalización na Avda. de Lugo, á Deputación Provincial de Pontevedra, por ser un vial da súa competencia.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado e ó departamento de Policía Local.

7.F) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN DO CAMIÑO BOUZA VELLA-XOGO DA BOLA EN NERGA.

Visto o escrito presentado en data 23.7.13 por GUADALUPE PORTELA CORDEIRO e EMILIO BALLESTEROS CASAL, DNI nº 78.734.309-L e nº 36.018.258-M, con enderezo en Bouza Vella, nº 10-9-Nerga-O Hío, no que indica da problemática existente pola instalación de sinalización de dirección prohibida no lugar de Xogo da Bola.

Dase conta de informe emitido en data 27.09.13 pola Policía Local, referente a solicitude presentada polos Sres. Portela Cordeiro e Ballesteros Casal, que di o seguinte:

"Nº Rex. 1674/13.

ASUNTO: SINALIZACIÓN DO CAMIÑO BOUZA VELLA-XOGO DA BOLA EN NERGA.

A xefatura da Policía Local de Cangas , por medio do presente, informa:

Que a instancia dos veciños GUADALUPE PORTELA CORDEIRO e EMILIO BALLESTEROS CASAL, con enderezo nos números 10 e 9 respectivamente, do Camiño Bouza Vella, Nerga-O Hío, na que expoñen as dificultades para acceder ós seus domicilios en vehículos a motor ao implantarse unha sinalización na parte baixa do camiño que vai desde o Xogo da Bola ata a Bouza Vella en Nerga, e que prohíbe subir por dito vieiro, xa que ao ser moi estreito e imposible a circulación en dobre sentido.

Que achegados ata o lugar pódese comprobar a dificultade que ditos veciños/as están a sufrir para acceder aos seus domicilios, debido en primeiro lugar ao estreitamento que sofre o último camiño que dá as vivendas das citadas persoas, e segundo, á propia configuración dun terreo que está á entrada no lado dereito.

Consideramos que o sinal que actualmente está situado na parte baixa do citado camiño e que prohíbe a subida por el, debería continuar igualmente na mesma situación, tendo en conta que a rúa é moi estreita nun tramo longo.

Que por parte dos propietarios/as e usuarios/as desas vivendas pódese facer a manobra de xiro e cambio de sentido a poucos metros do punto indicado, sen necesidade de cambiar o sinal de dirección prohibida, polo que, en todo caso procede situar unicamente un sinal de perigo dobre sentido (referencia sinal lei de tráfico P-25) con lenda adicional de 100,00 metros na entrada superior do vial."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local para sinalización en Camiño Bouza Vella-Xogo da Bola en Nerga, transcrito anteriormente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ós interesados e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

8º.- INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN S/SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DE GARANTÍAS.

8.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
ANTONIO MAGDALENO MARTÍNEZ A Serra de Poente, nº 52-Darbo.	AVAL	1.385,22	LICENZA DE OBRAS Nº 21.470.

9º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

9.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO Nº 129/2013 DICTADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 424/2012 (X-12/44).

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 16.10.13, referente ó Auto nº 129/2013, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 424/2012, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO Nº 129/2013 DICTADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 424/2012 (X-12/44).

Visto o Auto nº 129/2013 dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 no Procedemento Abreviado nº 424/2012, instruído a instancia da mercantil 'FARO DE VIGO, S.A.U.', en reclamación de cantidade.

Visto que dito auto homologa a transacción xudicial pola que o Concello de Cangas se compromete a aboar á reclamante a cantidade de 7.114,97 € no mes de marzo do 2014 sen intereses nin custos.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primelro.- Tomar coñecemento do Auto nº 129/2013, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 no Procedemento Abreviado nº 424/2012, instruído a instancia da mercantil 'FARO DE VIGO, S.A.U'.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Intervención co fin de que, na elaboración do orzamento de gastos para o exercicio 2014 se teña en conta a cantidade adebedada por importe de SETE MIL CENTO CATORCE CON NOVENTA E SETE (7.114,97) EUROS.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao departamento do Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ó Auto nº 129/2013, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 424/2012.

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DO CONCELEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/PEDIMENTO DE AUTORIZACIÓN DA ASOCIACIÓN "LEMBRANZAS DA RÍA" PARA ORGANIZACIÓN DUN MAGOSTO NA ALAMEDA VELLA.

Vista a proposta de data 4.10.13 do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a pedimento de autorización municipal da ASOCIACIÓN "LEMBRANZAS DA RÍA", para a organización dun magosto na Alameda Vella de Cangas, para o día 2 de novembro do ano que andamos, en horario de 18,00 a 22,00 horas, amenizado con música e cunha fogueira fronte ó palco existente no lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a pedimento de autorización municipal da ASOCIACIÓN "LEMBRANZAS DA RÍA", para a organización dun magosto na Alameda Vella de Cangas, para o día 2 de novembro do ano que andamos.

B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/COCIÑAR PAELLA XIGANTE EN VÍA PÚBLICA.

Dase conta de informe emitido en data 11.10.13 pola Policía Local, referente a cociñar paella xigante en vía pública, que di o seguinte:

"Nº REX: 2361/13.

ASUNTO: COCIÑAR UNHA PAELLA XIGANTE EN VÍA PÚBLICA, BAR OASIS.

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052025 e 052026, por medio do presente, informan:

Que sendo as 21:00 horas do día da data, recíbense varias queixas personalmente nas dependencias policiais e a través de chamadas telefónicas, denunciando que os do 'Bar Oasis', na Avda. de Marín, estaban a cociñar unha paella xigante na vía pública enriba da beirarrúa e iso podería causar un perigo para os viandantes.

Que acto seguido se despraza a patrulla actuante o lugar e pode comprobar como efectivamente, na beirarrúa do fronte do 'Bar Oasis', se estaba a cociñar unha gran paella que estaba posta ao lume (bombona de butano e fornillo) e varias mesas e cadeiras con utensilios de cociña.

Que preguntado ao propietario do local, José Freire Pérez, pola autorización municipal para realizar dita actividade en vía pública, manifesta que a ten dentro do bar que tódolos anos o autoriza o concelleiro, Sr. Faro Lagoa.

Que tras buscar dita autorización, manifesta que non sabe onde a meteu, pero que a debe ter gardada por algún sitio, que o concelleiro de obras e servizos o Sr. Faro Lagoa, asinoulle a autorización personalmente, e sempre que realiza algunha actividade sempre lle autoriza el. De feito amosou aos axentes actuantes varias solicitudes anteriores asinadas polo citado concelleiro de puño e letra na que se podía ler: 'El Concejal de Obras, autorizado, sinatura e data' (achégase copia da do ano 2012).

Que como non amosa autorización actualizada e en vista das queixas veciñais, comunícaselle que debería desmontar todo da vía pública para evitar problemas.

Que o Sr José Freire quedou de presentar nas dependencias policiais a autorización asinada polo concelleiro, Sr. Faro Lagoa, cando a atopara.

Achégase reportaxe fotográfica."

Visto o disposto no artigo 11 a) da Ordenanza de compatibilización da convivencia e o lecer en viais e outros lugares públicos do Concello de Cangas, que literalmente dí:

"Son infraccións leves:

- a) A utilización de espazos públicos para usos distintos de súa finalidade (...)"*

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 10 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, en relación co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local, por

unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO: Incoar expediente sancionador de infracción administrativa en materia de en materia de de compatibilización da convivencia e o lecer en viais e outros lugares públicos, polos feitos contemplados no informe 2361/13 da Policía Local, do que se presume responsable a José Freire Pérez.

SEGUNDO. Que os feitos referenciados poden ser considerados como constitutivos de infracción administrativa, tipificada como leve de conformidade co artigo 11 a) da Ordenanza de compatibilización da convivencia e o lecer en viais e outros lugares públicos do Concello de Cangas

TERCEIRO. Nomear como instrutora do procedemento sancionador a Dona María Luisa Prieto Rial, Concelleira de Seguridade, Tráfico, Policía Local e Protección Civil, así como comunicarlle o seu nomeamento, dándolle traslado de toda a documentación que obra no expediente.

CUARTO. Notificar esta resolución ao inculpado, outorgándolle un prazo de dez días para que presente alegacións e, no seu caso, para a práctica das probas, as cales poderán ser propostas polo presunto responsable.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as vinte horas e dez minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.